

RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DUN RECURSO

MULTIMEDIA



- **¿QUE É UN RECURSO MULTIMEDIA?** Os denominados *recursos multimedia* son materiais educativos que nos que se utilizan os medios de expresión de tipo dixital para comunicar información a través do uso combinado de texto, hipertextos (textos que a súa vez incorporan enlaces activos que conducen a novos textos), imaxe (fotografías, gráficos, debuxos), animación (.gif) e vídeo, audio (podcast, grabacións de voz), etc. Elabóranse utilizando o *software*: un conxunto de aplicación (*apps*) e programas informáticos que poden estar na memoria do disco duro dos equipos informáticos (Word, Libre Office, Power Point, Office 365, etc.), en memorias extraíbles ou en rede (online). Os materiais dixitais elaborados poden ser almacenados no propio equipo informático, en dispositivos de memoria extraíble (cd-rom, pen-drive, etc.) ou en sitios de almacenaxe externos (as chamadas *nubes*). A presentación do recurso multimedia elaborado pode facerse en arquivo pdf, Power Point ou a partir de apps especializadas na creación destes materiais multimedia (por exemplo, *Slideshare* ou *Canva*), que ademáis permiten compartilos nas redes sociais. Unha das vantaxes principais da creación dos recursos multimedia na aula é que favorecen a interacción, a colaboración na aprendizaxe por parte do alumnado.
- **¿PARA QUE SERVE?** A finalidade destes recursos é moi variada, pero como estamos indicando, prevalece a súa intencionalidade formativa. Deste xeito, incorporamos as TIC's (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) nos procesos de ensino-aprendizaxe, dado que estes materiais son creados e utilizados tanto polo profesorado como polo alumnado. Para os profesores, estes materiais resultan proveitosos á hora de facer máis didáctica e atractiva unha explicación na aula física, ademais de servir para fornecer de materiais educativos aos estudantes nas plataformas online (Aulas Virtuais) co gallo de potenciar a aprendizaxe autónoma. Pero se os analizamos ben a fondo, a súa potencialidade formativa preséntase con toda forza no momento en que estes recursos multimedia son creados polos propios estudantes; fabricar

un recurso online utilizando as novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación require seguir unhas pautas de traballo.

- **¿COMO SE ELABORA?**

1. Orixinalidade: En primeiro lugar, hai que descartar o simple *copiar e pegar*, pois o obxectivo educativo esixe que sexamos capaces de crear algo por nós mesmos. Consecuentemente, debemos reducir ao mínimo as apropiacións que fagamos de materiais que atopemos na rede. E en caso de que o fagamos, debemos indicar de qué sitio web proceden mediante o link correspondente. Debemos ter en conta que a propiedade intelectual tamén afecta ás creacións que atopamos na rede.

Etiquetas ou distintivos como **Creative Commons**  permiten recoñecer os materiais multimedia que poden ser compartidos baixo condicións asumíbeis polos cibernautas (por exemplo, permítennos baixar ou descargar o recurso e publicalo co requisito mínimo de indicar a súa autoría).



O feito de ser membro dunha rede social, como *Slideshare* (<https://www.slideshare.net/>) abre tamén a posibilidade de utilizar os materiais creados polos seus membros virtuais, ademais de cerar as nosas propias presentacións.



Recentemente, durante os últimos anos, apareceron novas apps e redes sociais para presentación de traballos multimedia, véxase Canva.

Comentado [NRFL1]:

https://www.canva.com/es_es/



2. Texto: Salvo as citas que incorporemos procedentes doutras fontes moi diversas (libros, páxinas web, etc.), o texto ten que ser de elaboración propia e debería constituír a parte máis relevante do traballo na que se expón e se explica o asunto que presenta o recurso. As citas que acompañen ao noso texto deben estar convenientemente entrecomilladas e indicada a autoría da cita. Nesta parte do traballo fixarémonos especialmente na expresión escrita e na ortografía. Preferentemente, utilizaremos o negro como cor de fonte e un corpo de texto estándar (Arial 11, por exemplo), agás naquelas partes do noso discurso escrito que queiramos destacar.

3. Imaxes, Vídeos, Sonidos: Para facer máis atractivo o recurso, evitando que tan só haxa texto, podemos integrar imaxe fixa e en movemento. A selección ten que ser precisa, evitando unha acumulación de imaxes. A presentación dos vídeos pode adoitar basicamente dúas formas, visible, integrando o vídeo nas diapositivas das que conste o traballo ou invisible, se indicamos o enlace do sitio web no que se encontran. En todo caso, hai que prestar atención á duración do vídeo, pois non debería ser excesivamente longo. Outra posibilidade é incorporar certas bandas sonoras ao recurso multimedia (cancións, discursos, etc.) mediante a utilización dos pertinentes programas informáticos de tratamento de voz ou incorporando, por exemplo, un podcast.

4. Diapositivas, páxinas: Tamén é importante calibrar o número de páxinas do recurso multimedia: un número excesivo de páxinas disuade da súa lectura e un número moi reducido non aporta a información precisa. Non hai unha cifra máxica e somos nós mesmos quen debemos valorar a súa extensión. En todo caso, hai certas páxinas que son imprescindibles nunha presentación multimedia:

- **PORTADA:** A primeira diapositiva recollerá o título e o subtítulo axustándose ao contido do recurso creado. Cabe recurrir a fórmulas periodísticas, de tal modo que o título pode adquirir a natureza dun titular de prensa: breve, corto e impactante. O subtítulo é pertinente na medida en que aclarará o título e de paso o contido do traballo. Se o titular pode ser intencionadamente ambigüo ou vago, non así o subtítulo, que integrará algúns dos conceptos clave do contido do traballo.
- **ÍNDICE:** A segunda diapositiva estará constituída por un índice a modo de índice dun libro de texto que adiantará as partes que integran o traballo. Para facelo máis útil para o usuario pódese indicar as páxinas nas que se atopa cada apartado.
- **CORPO:** Este é o *corpus* do recurso, a saber, as páxinas nas que presentamos o asunto froito das nosas pesquisas intelectuais. Páxinas redactadas por nós e nas que se integran as imaxes, gráficos, vídeos, links, etc.
- **BIBLIOGRAFÍA:** Nesta páxina figuran as fontes de información que utilizamos para a creación do recurso multimedia. En primeiro lugar, aparecerán as fontes bibliográficas (os libros) consultados, pois na elaboración do recurso, obviamente, podemos utilizar os datos procedentes de materiais que non se atopen en internet. A forma de reseñar un libro é a seguinte: APELIDOS E NOME DO AUTOR, TÍTULO DO LIBRO, SUBTÍTULO, EDITORIAL, LUGAR E ANO DE EDICIÓN. Unha vez anotados os libros, incluiremos os links ás páxinas web das que extraímos contidos (non é necesario facelo coas que simplemente visitamos).
- **AUTORÍA:** A última diapositiva queda reservada para indicar o nome e os apelidos dos creadores do recurso multimedia. Os autores figurarán por orde alfabética. Se son

integrantes dalgunha institución académica ou dun grupo de investigación tamén se incluírá o nome e o lugar no que se ubica. Finalmente, poñeremos a data de publicación do recurso.

5. **teamwork:** Unha das vantaxes das TIC's é que facilitan o traballo en equipo a través da conexión á rede. Os coñecementos que derivan desta forma de traballar adoitan recibir o nome de **aprendizaxe colaborativa**, posto que da aportación de todos e de cada unha das persoas que interactúan física e/ou virtualmente resulta a adquisición duns coñecementos que enriquecen as aportacións individuais. O froito das investigacións tradúcese nun produto intelectual colectivo, isto é, creado entre todos. Pero tamén hai que saber traballar en equipo, tanto presencial como virtualmente.

- **ORGANIZACIÓN:** No caso de que diferentes persoas se encarguen de distintas partes do traballo, faise imprescindible un labor de coordinación por parte de todos ou dalgún dos membros do grupo. Este labor de supervisión é especialmente esixible no momento de proceder á publicación do recurso multimedia, antes de subilo á rede cómpre estar ben seguro de que o traballo está efectivamente rematado.
- **DOCUMENTACIÓN:** É a fase de busca de información. Localizamos a información e seleccionamos aquela que nos interesa. Esta metodoloxía de investigación é válida tanto se utilizamos libros como se buscamos información na rede. Especialmente, neste último caso debemos ser quen de ver qué informacións colgadas na rede son aproveitables e descartar as que non o son.
- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN:** Non abonda simplemente con reproducir os datos que xa atopamos, senón que debemos de procesar esa información para producir novos coñecementos. Un dos retos da educación do século XXI consiste en pasar da **sociedade da información** (aquela sociedade que grazas a un simple click do ratón nos permite acceder a unha cantidade inxente de información) á **sociedade do coñecemento** (integrada por persoas que son quen de tratar, manexar, integrar e comprender esa información para acadar novas aprendizaxes).